



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Mercado de Trabajo na Perspectiva Histórica		Código	650G01038
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Aplicada 1			
Coordinación	Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Análise das características e funcionamento interno do mercado de traballo durante o período contemporáneo prestando especial atención aos cambios nas condicións laborais, os custos salariais e as vías de negociación entre os diferentes axentes económicos, tendo en conta que o traballo non só representa unha peza fundamental da función de produción senón tamén unha parte esencial das estruturas sociais, a distribución do valor económico creado e a transmisión do recoñecemento colectivo.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cando, onde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A3	Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A5	Comprender a tecnoloxía nova e existente e o seu impacto para os novos/futuros mercados.
A9	Comprender os principios éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A11	Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A16	Identificar aspectos relacionados e comprender o seu impacto na organización empresarial.
A17	Identificar o impacto dos elementos micro e macroeconómicos na organización empresarial.
A18	Identificar as características dunha organización.
A19	Identificar novos desenvolvementos de organizacións empresariais para afrontar con éxito o entorno cambiante.
A20	Identificar e operar o software adecuado. Diseñar e implementar sistemas de información.
A21	Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
A22	Planificar e xestionar os recursos humanos das organizacións.
A24	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer e entender a realidade económica internacional e española, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A1 A17 A22		
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A1 A3		
Análise das variables que determinaron o liderado occidental no proceso de crecemento económico contemporáneo	A3 A11 A19		
Establecer comparacións entre os diferentes mercados de traballo ao longo do tempo e dos países	A11 A19		
Apreciar como as diferenzas nos ámbitos culturais, legais, políticos, sociais... etc afectaron ao funcionamento dos mercados de traballo e os dereitos dos traballadores e o seu benestar.	A11 A19		
Axudar a entender a orixe e persistencia das desigualdades socio-económicas entre os diferentes países	A3		C6 C8
Mostrar a existencia dunha realidade laboral plural, diversa e dinámica, que non pode apreenderse cunha teoría ou un modelo universal			C4
Comprender como o factor traballo reaccionou ante os cambios nos mercados, as tecnoloxías e as institucións dende unha perspectiva de longo prazo	A3 A5 A11 A17		C7
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Capacidade de busca, selección e elaboración de información	A24		C6
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos a través da interpretación do material estatístico, gráfico e documental			C3 C6
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos	A1		C4
Avaliar o comportamento, a cultura e a estratexia das empresas	A20 A21 A24		
Estimular o desenvolvemento do afán de superación e liderado, favorecendo a capacidade de convicción e de aceptación dos puntos de vista dos demais	A21		
Potenciar a creatividade e a innovación			C1 C4 C6
Fomentar a iniciativa persoal e emprendedora			C5 C7
Xestionar o cambio con eficacia e responder a demandas cambiantes	A16 A18		C7
Asumir responsabilidades á hora de lograr unha aprendizaxe e un desenvolvemento persoal e profesional (Planificación do Desenvolvemento Persoal)	A1		C3 C7
Contribuír ao recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade			C4
Facilitar o desenvolvemento dun compromiso ético	A9		C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución	0. O traballo na economía teoría económica: unha perspectiva histórica 0.1. Terminoloxía básica 0.2. Panorama no longo prazo



TEMA 1. O Factor humano na Revolución Industrial	<ol style="list-style-type: none"> 1. A formación dunha nova clase social: da servidume ao proletariado 2. Empresarios e traballadores no novo mercado laboral industrial 3. O abstencionismo do Estado liberal nas relacións laborais 4. Nacemento e evolución do movemento obreiro
TEMA 2. Factor Traballo, Segunda Revolución Industrial e Estado Providencial (1870-1945)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Taylor, Ford e a Organización Científica do Traballo 2. Movemento Obreiro e regulación sociolaboral 3. Niveis de vida, educación e migracións internacionais 4. Orixes e desenvolvemento do Estado Providencial
TEMA 3. A idade dourada e o Estado do Benestar dende a perspectiva do mercado de traballo (1945-1973)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Un novo marco de negociación colectiva: dereitos laborais e salariais 2. Cambios na oferta e demanda de traballo 3. Salarios, produtividade e distribución da renda 4. A consolidación do Estado do Benestar
TEMA 4. Mercado de traballo e globalización (1974-2012)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Forza de traballo global? 2. Os traballadores no Norte e no Sur 3. A crise do Estado do Benestar 4. Problemas e retos do mercado de traballo na actualidade

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	1	2
Lecturas	6	12	18
Traballos tutelados	5	30	35
Presentación oral	6	6	12
Discusión dirixida	5	0	5
Sesión maxistral	17	51	68
Proba obxectiva	2	0	2
Atención personalizada	8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Se aproveitarán estas horas para explicar a dinámica de traballo do curso
Lecturas	A profesora propoñerá ao inicio de curso un conxunto de lecturas obrigatorias, complemento da materia explicada nas clases maxistras, que servirá ademais para a elaboración dos traballos obrigatorios de curso
Traballos tutelados	<p>Os estudantes deberán realizar durante o curso un traballo individual /equipo (a organización dependerá do número de estudantes matriculados na materia). O traballo desenvolverase nas seguintes fases:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) A profesora da materia presentará un listado de traballos o primeiro día de curso entre os que poderán elixir os estudantes ata o 30 de setembro de 2014. 2) Unha vez configurado o equipo e elixido o tema, a profesora asignaralles fontes bibliográficas e cuantitativas para poder realizar este. 3) Os estudantes deberán de entregar por escrito antes do 31 de outubro de 2014 un índice do traballo e os principais obxectivos deste. Os estudantes presentarán en clase para a súa discusión esta primeira formulación do traballo 4) O traballo definitivo entregarase por escrito antes do 28 de novembro de 2014 ás 14 horas. <p>O traballo poderá ter unha extensión máxima de 10 páxinas (letra Arial 12, interlineado 1,5, marxes 2,5) e cumprirá o formato do equipo dos TFG.</p>



Presentación oral	Os traballos realizados durante o curso (apartado anterior) serán presentados por todos os membros de cada equipo en horario de clase durante o mes de decembro de 2014. Con este fin utilizarase unha presentación de power point (ou outro programa similar) que recolla os obxectivos, principais puntos analizados (con apoio de datos cuantitativos) e conclusións obtidas do traballo
Discusión dirixida	Os estudantes discutirán as presentacións dos traballos de curso realizadas polos seus compañeiros en clase. O obxectivo é abrir un debate sobre as temáticas formuladas
Sesión maxistral	Nestas sesións a profesora impartirá as pautas clave de cada un dos puntos incluídos no temario da materia. Esta materia debe ser preparada co traballo persoal do estudante e coa axuda dos restantes instrumentos bibliográficos e cuantitativos que ofrece o curso
Proba obxectiva	A proba obxectiva consistirá nun exame escrito onde os estudantes terán que demostrar o dominio da materia explicada en clase a través das sesións maxistrais e os traballos realizados na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas	En cada un dos apartados, procurarase a atención personalizada de cada estudante a través das sesións presenciais en clase e en horario de tutoría. Así mesmo, realizaranse actividades de orientación docente para preparar a materia e elaborar os traballos obrigatorios de curso nas titorías de grupos reducidos (4 horas para cada grupo de 15 alumnos) durante o curso.
Presentación oral	
Traballos tutelados	
Sesión maxistral	

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Lecturas	O seu contido avaliarase conxuntamente coas sesións maxistrais na proba escrita	10
Presentación oral	Os traballos realizados durante o curso serán obrigatoriamente presentados e explicados en clase por todos os compoñentes de cada equipo. A profesora e os restantes estudantes poderán realizar preguntas sobre o contido do traballo. Se esta presentación oral non se producise por parte dalgún equipo (salvo nos casos xustificadas previstos na normativa académica) a nota do traballo computaría na cualificación final do alumno. É dicir, a nota final do alumno sería unicamente aquela obtida no exame final da convocatoria oficial.	10
Traballos tutelados	Para que un traballo sexa válido e poida computar na nota final deben cumprirse as seguintes condicións: 1. O traballo debe estar baseado nalgunha das liñas temáticas propostas pola profesora ao inicio de curso. 2. O equipo de traballo debe utilizar todos os materiais indicados pola profesora para a súa elaboración. 3. O equipo de traballo debeu presentar e explicado en clase o seu índice e obxectivos 2. O traballo debe ser entregado á profesora por escrito xunto coa presentación de power point antes do 30 de novembro de 2014, cumprindo o formato xa indicado.	40
Sesión maxistral	A súa avaliación realizarase basicamente mediante unha proba obxectiva que terá lugar nas convocatorias oficiais. No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa.	40

Observacións avaliación



O estudante superará a materia

cando alcance unha cualificación mínima de 5 puntos (sumando a cualificación do traballo de curso e a nota obtida no exame da convocatoria oficial).

A asistencia a clase e a participación nas

actividades realizadas na aula serán decisivas para elaborar a cualificación final dos alumnos dubidosos, aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir nota.

Os estudantes que

participen en actividades cuxo peso na avaliación final sexa menor do 20% (equivalente a 2 puntos na nota final) terán como nota final non presentado.

Está prohibido acceder á aula do exame con cualquier

dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacene información. Así mesmo, é necesario que cada estudante que desexe

realizar o exame se identifique correctamente co D.N. I. ou similar antes de acceder á aula onde se vaia realizar a proba

OPORTUNIDADE ADELANTADA: O criterio de avaliación para a segunda oportunidade será o mesmo que opere na oportunidade adiantada de avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

O alumnado terá a obriga de consultar con regularidade a páxina de moodle da materia, pois será a vía que a profesora utilizará para colgar información sobre todos os aspectos relacionados coa materia. Esta

materia esta deseñada para que os estudantes poidan mellorar a súa preparación de cara á elaboración e presentación do traballo de fin de grao

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías